

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**13517** *Lei 34/2014, do 26 de decembro, de medidas en materia de liquidación e ingreso de cotas da Seguridade Social.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

#### PREÁMBULO

##### I

O modelo de cotización no sistema español de Seguridade Social caracterizouse, ata o momento actual, por unha liquidación ou cálculo das cotas que lles corresponde efectuar aos empresarios e aos demais suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar, en función do seu código ou códigos de conta de cotización e demais datos e información achegados por eles, ben mediante a transmisión electrónica de tales liquidacións ou ben mediante a presentación dos respectivos documentos de cotización, sen prexuízo do control posterior desas operacións por parte da Administración da Seguridade Social.

O dito modelo xeral de autoliquidación de cotas coexiste con outro de liquidación simplificada que se utiliza para o cálculo das cotas dos traballadores por conta propia, integrados tanto no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos coma no réxime especial dos traballadores do mar, así como para o doutras cotas do sistema da Seguridade Social correspondentes a colectivos ou a situacións especiais.

##### II

No marco dos constantes avances tecnolóxicos que caracterizan a xestión da Seguridade Social, que permitiron conseguir a tramitación por medios electrónicos dos actos de liquidación e ingreso das cotas da Seguridade Social e polos conceptos de recadación conxunta con elas, mediante esta lei procédese a establecer un novo sistema de liquidación de cotas que substituirá o tradicional modelo de autoliquidación e que permitirá mellorar a xestión liquidatoria e recadatoria dos recursos do sistema.

O novo modelo de liquidación de cotas que se implanta, que efectuará directamente a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, caracterízase por un cálculo individualizado da cotización correspondente a cada traballador, dentro do código de conta de cotización en que figure en alta e elaborado en función da información que xa consta en poder do dito organismo e daqueloutra que deberá ser proporcionada polo suxeito responsable do cumprimento da obriga de cotizar.

A liquidación directa de cotas da Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta establecida nesta lei persegue os seguintes obxectivos:

a) Simplificar o cumprimento da obriga de cotizar, coa consecuente redución de cargas administrativas, ao eliminarse a duplicidade actualmente existente na achega de datos á Seguridade Social por parte dos empresarios, xa que parte da información comunicada nos actos de encadramento dos seus traballadores se volve facilitar na liquidación mensual de cotas efectuada por aqueles. Pola contra, no novo sistema de

liquidación tan só se deberán comunicar aqueles datos dos cales non dispoña xa a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e que resulten imprescindibles para efectuala.

b) Reducir custos para a Seguridade Social, o que permitirá optimizar os seus recursos humanos e económicos e mellorar na calidade da atención ofrecida, ao tratarse dun sistema tramitado na súa totalidade a través de medios electrónicos.

c) Conseguir unha maior efectividade no control de aspectos determinantes para a correcta xestión liquidatoria e recadatoria da Seguridade Social, tales como a aplicación de beneficios na cotización e de compensacións polo pagamento de prestacións de incapacidade temporal, así como doutras peculiaridades que inciden no cálculo da cotización dos traballadores.

d) Lograr unha mellora da calidade da información utilizada para a liquidación de cotas, reforzando así a seguridade desta, ao ter que se contrastaren e conciliaren con anterioridade ao seu cálculo os datos existentes na Tesouraría Xeral da Seguridade Social cos achegados polo suxeito responsable.

O novo sistema de liquidación directa de cotas pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social constitúe unha modificación de grande envergadura, ao afectar a práctica totalidade dos procesos asociados ao cálculo e á transmisión desta, así como o tratamento e control da recadación e o seguimento dos cobramentos e da débeda. Por iso, esta lei procede á súa implantación de forma progresiva, prevendo que a súa aplicación inicial será simultánea á do actual modelo de autoliquidación de cotas, ata a total incorporación dos suxeitos responsables do seu ingreso naquel; así mesmo, pervivirá o sistema de liquidación simplificada de cotas para os supostos en que se prevexa legalmente.

En calquera caso, o dereito dos administrados a impugnar os actos de xestión realizados pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social para o cálculo das cotas non se verá afectado de ningún xeito pola implantación do novo sistema de liquidación directa daquelas.

### III

A lei consta de tres artigos, dúas disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e cinco disposicións derradeiras.

Para a consecución dos obxectivos sinalados no punto II deste preámbulo, no artigo primeiro modifícanse diversos artigos da sección terceira do capítulo III do título I do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, que contén as normas xerais sobre recadación no sistema da Seguridade Social, e introdúcese, así mesmo, un novo artigo 32 bis na citada sección terceira.

Pola súa banda, o artigo segundo aborda a reforma de determinados puntos dos artigos 21, 22, 23, 39 e 50 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, relativos todos eles a infraccións en materia de seguridade social, tanto para efectos da súa adaptación ao novo sistema de liquidación directa de cotas implantado por esta lei como para tipificar como infracción grave o incumprimento da obriga empresarial de comunicar á Tesouraría Xeral da Seguridade Social o importe de todos os conceptos retributivos aboados aos traballadores, contida no artigo 109.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, e como infracción moi grave a ocultación ou o falseamento dos feitos determinantes da responsabilidade derivada no pagamento de cotas.

O artigo terceiro modifica o artigo 19 do texto refundido das leis 116/1969, do 30 de decembro, e 24/1972, do 21 de xuño, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, aprobado polo Decreto 2864/1974, do 30 de agosto, co obxecto de permitir a aplicación no dito réxime especial da obriga establecida no citado artigo 109.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, dado que este último precepto forma parte do seu título II, referente ao réxime xeral da Seguridade Social.

A disposición adicional primeira fai referencia ás garantías de información en materia de cotización, dentro do novo sistema de liquidación directa de cotas, e a segunda prevé a elaboración dun estudo sobre o alcance que, para as prestacións, poida ter a rectificación das bases de cotización.

Na disposición transitoria única recóllese o mantemento do sistema de autoliquidación de cotas ata que culmine o proceso de implantación gradual do novo sistema de liquidación directa, nos termos previstos na disposición derradeira segunda desta lei.

Pola súa vez, a disposición derogatoria única establece unha derogación xenérica respecto das normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste texto legal.

A disposición derradeira primeira faculta o Goberno para ditar as disposicións de desenvolvemento regulamentario do sistema de liquidación directa de cotas.

A disposición derradeira segunda, pola súa banda, regula as condicións de implantación do citado sistema de liquidación directa, que se efectuará de forma progresiva en función das posibilidades de xestión e dos medios técnicos dispoñibles en cada momento, mediante resolucións da Tesouraría Xeral da Seguridade Social dirixidas aos suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar.

As disposicións derradeiras terceira e cuarta introducen modificacións puntuais no texto refundido da Lei xeral da seguridade social e na Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Finalmente, a disposición derradeira quinta determina a entrada en vigor da lei.

**Artigo 1.** *Modificación do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.*

O texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, queda modificado como segue:

Un. O artigo 18 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 18. *Competencia.*

1. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social, como caixa única do sistema da Seguridade Social, levará a efecto a xestión liquidatoria e recadatoria dos recursos desta, así como dos conceptos de recadación conxunta coas cotas da Seguridade Social, tanto en período voluntario como en vía executiva, baixo a dirección e tutela do Estado.

2. O exercicio da función liquidatoria efectuarase sen prexuízo das competencias que teñan atribuídas sobre a materia a Inspección de Traballo e Seguridade Social e, respecto de determinados recursos distintos de cotas, outros organismos ou órganos administrativos.

3. Para realizar a función recadatoria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá concertar os servizos que considere convenientes coas distintas administracións públicas ou con entidades particulares habilitadas para o efecto.

As habilitacións que se lles outorguen ás entidades particulares a que se refire o parágrafo anterior terán, en todo caso, carácter temporal. Os concertos con tales entidades deberán ser autorizados polo Consello de Ministros.»

Dous. O artigo 19 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 19. *Liquidación e ingreso das cotas e demais recursos.*

1. As cotas da Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta liquidaranse, nos termos previstos nesta lei e nas súas normas de aplicación e desenvolvemento, mediante algún dos seguintes sistemas:

a) Sistema de autoliquidación polo suxeito responsable do ingreso das cotas da Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta.

b) Sistema de liquidación directa pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, por cada traballador, en función dos datos de que dispoña sobre os suxeitos obrigados a cotizar e daqueles outros que os suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar deban achegar, nos termos previstos no artigo 26.2.

Mediante este sistema, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social determinará a cotización correspondente a cada traballador, por solicitude do suxeito responsable do seu ingreso e cando os datos que este deba facilitar permitan realizar o cálculo da liquidación.

Non se procederá á liquidación de cotas por este sistema respecto daqueles traballadores que non figuren en alta no réxime da Seguridade Social que corresponda durante o período que se vai liquidar, aínda que o suxeito responsable do ingreso facilítase os seus datos para ese efecto.

c) Sistema de liquidación simplificada, que se aplicará para a determinación das cotas dos traballadores por conta propia incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos e no réxime especial dos traballadores do mar, das cotas dos sistemas especiais do réxime xeral para empregados de fogar e para traballadores por conta allea agrarios durante a situación de inactividade, así como das cotas fixas do seguro escolar, de convenios especiais e de calquera outra cota cuxa liquidación se poida establecer a través deste sistema.

2. Os recursos do sistema da Seguridade Social distintos a cotas liquidaranse na forma e cos requisitos que nesta lei ou nas súas normas de aplicación e desenvolvemento se determinen respecto de cada un deles.

3. O ingreso das cotas e demais recursos realizarase no prazo e na forma que se establezan nesta lei, nas súas normas de aplicación e desenvolvemento ou nas disposicións específicas aplicables aos distintos réximes e aos sistemas especiais, ben directamente na Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou ben a través das entidades concertadas conforme o artigo 18 desta lei, así como, de ser o caso, noutras condicións legalmente previstas.

Tamén se poderán ingresar as cotas e os demais recursos nas entidades autorizadas para o efecto polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social, quen ditará as normas para o exercicio desta función e poderá revogar a autorización concedida, en caso de incumprimento, logo de expediente incoado para o efecto.

O ingreso das cotas e demais recursos nas entidades concertadas ou autorizadas producirá, desde o momento en que se leve a cabo, os mesmos efectos que se se realizase na propia Tesouraría Xeral da Seguridade Social.»

Tres. O número 6 do artigo 20 queda redactado nos seguintes termos:

«6. En caso de incumprimento de calquera das condicións ou pagamentos do adiamento proseguirase, sen máis trámite, o procedemento de constrinximento que se iniciase antes da concesión. Ditarase, así mesmo, sen máis trámite providencia de constrinximento por aquela débeda que non fose xa constrinxida, á cal se aplicará a recarga do 20 por 100 do principal, de se cumpriren dentro de prazo as obrigas establecidas nos números 1 e 2 do artigo 26, ou do 35 por 100 en caso contrario.

En todo caso, os xuros de demora que se exixan serán os devindicados desde o vencemento dos respectivos prazos regulamentarios de ingreso.»

Catro. O artigo 26 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 26. *Cumprimento de obrigas en materia de liquidación de cotas e compensación.*

1. No sistema de autoliquidación de cotas a que se refire a alínea a) do artigo 19.1, os suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar deberán transmitir por medios electrónicos á Tesouraría Xeral da Seguridade Social as

liquidacións de cotas da Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta, salvo naqueles supostos en que a liquidación proceda mediante a presentación dos correspondentes documentos de cotización.

A transmisión ou presentación a que se refire o parágrafo anterior poderase efectuar ata o último día natural do respectivo prazo regulamentario de ingreso.

2. No sistema de liquidación directa de cotas a que se refire a alínea b) do artigo 19.1, os suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar deberán solicitar á Tesouraría Xeral da Seguridade Social o cálculo da liquidación correspondente a cada traballador e transmitir por medios electrónicos os datos que permitan realizar o dito cálculo, ata o penúltimo día natural do respectivo prazo regulamentario de ingreso.

O referido cálculo efectuarase en función dos datos de que dispoña a Tesouraría Xeral da Seguridade Social sobre os suxeitos obrigados a cotizar, constituídos tanto polos que xa foron facilitados polos suxeitos responsables en cumprimento das obrigas establecidas en materia de inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores, e por aqueles outros que consten no seu poder e afecten a cotización, como polos que deban achegar, de ser o caso, os citados suxeitos responsables en cada período de liquidación.

Así mesmo, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social aplicará as deducións que lles correspondan aos traballadores polos cales se practique a liquidación dentro do prazo regulamentario, así como, de ser o caso, a compensación do importe das prestacións aboadas a aqueles en réxime de pagamento delegado co das cotas debidas correspondentes ao mesmo período de liquidación, en función dos datos recibidos das entidades xestoras e colaboradoras da Seguridade Social, conforme o previsto no número 5 deste artigo.

Cando, unha vez practicada a liquidación, o suxeito responsable do ingreso das cotas solicite a súa rectificación achegando datos distintos aos inicialmente transmitidos, as obrigas a que se refire o parágrafo primeiro deste punto só se considerarán cumpridas cando resulte posible efectuar unha nova liquidación de cotas dentro do prazo regulamentario, salvo que a imposibilidade de liquidar en prazo se deba a causas imputables exclusivamente á Administración.

Tampouco se considerarán incumplidas as citadas obrigas cando, unha vez practicada a liquidación e dentro do prazo regulamentario, o suxeito responsable do ingreso solicite a rectificación de erros materiais, aritméticos ou de cálculo na citada liquidación imputables exclusivamente á Administración, e iso comporte a práctica dunha nova liquidación corrixindo tales erros fóra do dito prazo.

3. O incumprimento das obrigas a que se refiren os puntos anteriores ou o seu cumprimento dentro dos prazos regulamentariamente establecidos, mesmo cando non se ingresen as cotas correspondentes ou se ingrese exclusivamente a achega do traballador, producirán os efectos sinalados nesta lei e nas súas disposicións de aplicación e desenvolvemento.

4. No sistema de liquidación simplificada de cotas a que se refire a alínea c) do artigo 19.1 non será exixible o cumprimento das obrigas establecidas nos números 1 e 2 deste artigo sempre que a alta dos suxeitos obrigados a que se refiran as ditas cotas no réxime da Seguridade Social que corresponda, nos supostos en que esa alta proceda, se solicitase dentro do prazo regulamentariamente establecido.

De se solicitar a alta fóra do prazo regulamentario, o cumprimento das obrigas establecidas nos números 1 e 2 deste artigo non será exixible respecto da liquidación das cotas correspondentes aos períodos posteriores á presentación da solicitude, que se efectuará mediante este sistema.

En tales casos, será aplicable o previsto nesta lei para os supostos en que, existindo as ditas obrigas, se cumprisen dentro de prazo.

5. O cumprimento das obrigas establecidas nos números 1 e 2 dentro de prazo permitiralles aos suxeitos responsables compensaren o seu crédito polas

prestacións aboadas como consecuencia da súa colaboración obrigatoria coa Seguridade Social e a súa débeda polas cotas debidas no mesmo período a que se refiren as respectivas liquidacións, calquera que sexa o momento do pagamento de tales cotas.

Fóra do suposto regulado neste punto, os suxeitos responsables do pagamento de cotas non poderán compensar os seus créditos fronte á Seguridade Social por prestacións satisfeitas en réxime de pagamento delegado ou por calquera outro concepto co importe daquelas cotas, calquera que sexa o momento do seu pagamento e fosen ou non reclamadas en período voluntario ou en vía de constrinximento, sen prexuízo do dereito dos suxeitos responsables para solicitaren o pagamento dos seus respectivos créditos fronte á Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou á entidade xestora ou colaboradora correspondente.»

Cinco. O artigo 27 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 27. *Recargas por ingreso fóra de prazo.*

1. Transcorrido o prazo regulamentario establecido para o pagamento das cotas á Seguridade Social sen o seu ingreso e sen prexuízo das especialidades previstas para os adiamentos, devindicaranse as seguintes recargas:

a) Cando os suxeitos responsables do pagamento cumprisen dentro de prazo as obrigas establecidas nos números 1 e 2 do artigo 26, unha recarga do 20 por 100 da débeda, de se aboaren as cotas debidas tras o vencemento do prazo para o seu ingreso.

b) Cando os suxeitos responsables do pagamento non cumprisen dentro de prazo as obrigas establecidas nos números 1 e 2 do artigo 26:

1.º Recarga do 20 por 100 da débeda, de se aboaren as cotas debidas antes da terminación do prazo de ingreso establecido na reclamación de débeda ou acta de liquidación.

2.º Recarga do 35 por 100 da débeda, de se aboaren as cotas debidas a partir da terminación do dito prazo de ingreso.

2. As débedas coa Seguridade Social que teñan carácter de ingresos de dereito público e cuxo obxecto estea constituído por recursos distintos a cotas, cando non se aboen dentro do prazo regulamentario que teñan establecido, incrementaranse coa recarga prevista no número 1.a).»

Seis. Os números 1 e 2 do artigo 30 quedan redactados nos seguintes termos:

«1. Transcorrido o prazo regulamentario sen ingreso das cotas debidas, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social reclamará o seu importe ao suxeito responsable incrementado coa recarga que proceda, conforme o disposto no artigo 27, nos seguintes supostos:

a) Falta de cotización respecto de traballadores dados de alta, cando non se cumprisen dentro do prazo as obrigas establecidas nos números 1 e 2 do artigo 26 ou cando, téndose cumprido, as liquidacións de cotas ou datos de cotización transmitidos ou os documentos de cotización presentados conteñan erros materiais, aritméticos ou de cálculo que resulten directamente deles.

Se estas circunstancias fosen comprobadas pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, comunicarao á Tesouraría Xeral da Seguridade Social coa proposta de liquidación que proceda.

b) Falta de cotización en relación con traballadores dados de alta que non consten nas liquidacións de cotas ou datos de cotización transmitidos nin nos documentos de cotización presentados en prazo, respecto dos cales se considerará que non se cumpriron as obrigas establecidas nos números 1 e 2 do artigo 26.

c) Diferenzas de importe entre as cotas ingresadas e as que legalmente corresponda liquidar, que resulten directamente das liquidacións ou dos datos de cotización transmitidos ou dos documentos de cotización presentados, sempre que non proceda que a Inspección de Traballo e Seguridade Social realice unha valoración xurídica sobre o seu carácter cotizable. Nese caso procederáse conforme o previsto no número 1.b) do artigo seguinte.

d) Débedas por cotas cuxa liquidación non corresponda á Inspección de Traballo e Seguridade Social.

2. Procederá tamén reclamación de débeda cando, atendendo aos datos existentes na Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou comunicados pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, e por aplicación de calquera norma con rango de lei que non exclúa a responsabilidade por débedas de seguridade social, se deba exixir o pagamento destas débedas:

a) Aos responsables solidarios. Nese caso a reclamación comprenderá o principal da débeda a que se estenda a responsabilidade solidaria, as recargas, xuros e custas devindicados ata o momento en que se emita a dita reclamación.

b) Aos responsables subsidiarios. Nese caso, e salvo que a súa responsabilidade estea limitada por lei, a reclamación comprenderá o principal da débeda exixible ao debedor inicial no momento da súa emisión, excluídos recargas, xuros e custas.

c) A quen asumise a responsabilidade por causa da morte do debedor orixinario. Nese caso a reclamación comprenderá o principal da débeda, as recargas, xuros e custas devindicados ata que se emita.»

Sete. A alínea b) do número 1 do artigo 31 queda redactada nos seguintes termos:

«b) Diferenzas de cotización por traballadores dados de alta, resulten ou non directamente das liquidacións ou datos de cotización transmitidos ou dos documentos de cotización presentados, dentro ou fóra de prazo.»

Oito. O artigo 32 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 32. *Determinación das débedas por cotas.*

1. As reclamacións de débedas e as providencias de constrinximento por cotas da Seguridade Social, nos supostos en que unhas e outras procedan, emitiranse conforme as seguintes regras:

a) De cumprir o suxeito responsable do ingreso as obrigas establecidas nos números 1 e 2 do artigo 26 dentro de prazo, emitiranse en función das bases de cotización polas cales se efectuase a liquidación de cotas correspondente.

b) De incumprir o suxeito responsable do ingreso as obrigas establecidas nos números 1 e 2 do artigo 26 dentro de prazo, emitiranse tomando como base de cotización a media entre a base mínima e máxima correspondente ao último grupo de cotización coñecido en que estivese encadrado o grupo ou categoría profesional dos traballadores a que se refira a reclamación de débeda, salvo naqueles supostos en que resulten de aplicación bases únicas.

2. As actas de liquidación expediranse con base na remuneración total que teña dereito a percibir o traballador ou a que efectivamente perciba de ser esta superior en razón do traballo que realice por conta allea e que deba integrar a base de cotización nos termos establecidos na lei ou nas normas de desenvolvemento.

Cando a Inspección de Traballo e Seguridade Social se vexa na imposibilidade de coñecer o importe das remuneracións percibidas polo traballador, calcularase como base de cotización a media entre a base mínima e máxima correspondente ao último grupo de cotización coñecido en que estivese encadrado o grupo ou

categoría profesional dos traballadores a que se refira a acta de liquidación, salvo naqueles supostos en que resulten de aplicación bases únicas.»

Nove. Engádesse un novo artigo 32 bis, dentro da subsección 2.<sup>a</sup> da sección terceira do capítulo III do título I, coa seguinte redacción:

«Artigo 32 bis. *Facultades de comprobación.*

As liquidacións de cotas calculadas mediante os sistemas a que se refire o artigo 19.1 poderán ser obxecto de comprobación por parte da Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Para ese efecto, requiriranse cantos datos ou documentos resulten precisos para iso. As diferenzas de cotización que poidan resultar da dita comprobación serán exixidas mediante reclamación de débeda ou mediante acta de liquidación expedida pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, conforme o previsto, respectivamente, nos artigos 30.1 e 31.1 desta lei.

O disposto no parágrafo anterior entenderase sen prexuízo das facultades de comprobación que lle corresponden á Inspección de Traballo e Seguridade Social en exercicio das funcións que ten atribuídas legalmente.»

Dez. Modifícanse o título e os números 4 e 6 e engádesse un novo número 7 ao artigo 36, nos seguintes termos:

«Artigo 36. *Deber de información por parte de entidades financeiras, funcionarios públicos, profesionais oficiais e autoridades.*»

«4. Os funcionarios públicos, incluídos os profesionais oficiais, están obrigados a colaborar coa Administración da Seguridade Social subministrando toda clase de información de que dispoñan, sempre que sexa necesaria para a recadación de recursos da Seguridade Social e demais conceptos de recadación conxunta, salvo que sexa aplicable:

- a) O segredo do contido da correspondencia.
- b) O segredo dos datos que se subministren á Administración pública para unha finalidade exclusivamente estatística.
- c) O segredo do protocolo notarial, que abranguerá os instrumentos públicos a que se refiren os artigos 34 e 35 da Lei do 28 de maio de 1862, do notariado, e os relativos a cuestións matrimoniais, con excepción dos referentes ao réxime económico da sociedade conxugal.»

«6. A cesión daqueles datos de carácter persoal que se deba efectuar á Administración da Seguridade Social conforme o disposto neste artigo ou, en xeral, en cumprimento do deber de colaborar para a efectiva liquidación e recadación dos recursos da Seguridade Social e dos conceptos de recadación conxunta coas cotas da Seguridade Social non requirirá o consentimento do afectado.

Para os efectos sinalados no parágrafo anterior, as autoridades, calquera que sexa a súa natureza, os titulares dos órganos do Estado, das comunidades autónomas e das entidades locais; os organismos autónomos, as axencias e as entidades públicas empresariais; as cámaras e corporacións, colexios e asociacións profesionais; as mutualidades de previsión social; as demais entidades públicas e quen, en xeral, exerza ou colabore no exercicio de funcións públicas estarán obrigados a lle subministrar á Administración da Seguridade Social cantos datos, informes e antecedentes precise esta para o adecuado exercicio das súas funcións liquidatorias e recadatorias, mediante disposicións de carácter xeral ou a través de requirimentos concretos, e a prestarlles, a ela e ao seu persoal, apoio, concurso, auxilio e protección para o exercicio das súas competencias.

A cesión de datos a que se refire este artigo instrumentarase preferentemente por medios electrónicos.»



«7. Os datos, informes e antecedentes subministrados conforme o disposto neste artigo unicamente serán tratados no marco das funcións de liquidación e recadación atribuídas á Administración da Seguridade Social, sen prexuízo do disposto no artigo 66 desta lei.»

**Artigo 2.** *Modificación do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.*

O texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, queda modificado como segue:

Un. O número 2 do artigo 21 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Non expoñer, en lugar destacado do centro de traballo, ou non poñer á disposición dos traballadores, dentro do mes seguinte ao que corresponda o ingreso das cotas, o exemplar do documento de cotización ou copia autorizada del no cal conste a cotización efectuada correspondente a aqueles ou, de ser o caso, non facilitar a documentación aludida aos delegados de persoal ou comités de empresa, nos termos legal e regulamentariamente establecidos.»

Dous. Os números 1 e 3 do artigo 22 quedan redactados nos seguintes termos:

«1. Iniciar a súa actividade sen ter solicitado a súa inscrición na Seguridade Social; non comunicar a apertura e o cesamento de actividade dos centros de traballo para efectos da súa identificación; non comunicar as variacións de datos ou outras obrigas establecidas legal ou regulamentariamente en materia de inscrición de empresas, incluída a sucesión na súa titularidade, e identificación de centros de traballo, así como en materia de comunicación en tempo e forma dos conceptos retributivos aboados aos seus traballadores, ou a súa non transmisión por parte dos obrigados ou acollidos ao uso de sistemas de presentación por medios informáticos, electrónicos ou telemáticos.»

«3. Non ingresar, na forma e nos prazos regulamentarios, as cotas correspondentes que por todos os conceptos recada a Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou non efectuar o ingreso na contía debida, tendo cumprido dentro de prazo as obrigas establecidas nos números 1 e 2 do artigo 26 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, sempre que a falta de ingreso non obedeza a unha declaración concursal da empresa, nin a un suposto de forza maior, nin se solicitase adiamento para o pagamento das cotas con carácter previo ao comezo da actuación inspectora, salvo que se ditase resolución denegatoria.»

Tres. As alíneas b) e f) do número 1 do artigo 23 quedan redactadas nos seguintes termos:

«b) Non ingresar, na forma e nos prazos regulamentarios, as cotas correspondentes que por todos os conceptos recada a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, sen ter cumprido dentro de prazo as obrigas establecidas nos números 1 e 2 do artigo 26 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, así como actuar fraudulentamente co obxecto de eludir a responsabilidade solidaria, subsidiaria ou *mortis causa* no cumprimento da obriga de cotizar ou no pagamento dos demais recursos da Seguridade Social.»

«f) Efectuar declaracións ou facilitar, comunicar ou consignar datos falsos ou inexactos que ocasionen liquidacións, deducións ou compensacións fraudulentas nas cotas que se deben satisfacer á Seguridade Social, ou incentivos relacionados con elas.»

Catro. O número 2 do artigo 39 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Cualificadas as infraccións na forma disposta por esta lei, as sancións graduaranse en atención á negligencia e intencionalidade do suxeito infractor, fraude ou convivencia, incumprimento das advertencias previas e requirimentos da Inspección, cifra de negocios da empresa, número de traballadores ou de beneficiarios afectados, de ser o caso, prexuízo causado e cantidade defraudada, como circunstancias que poidan agravar ou atenuar a gradación que se aplicará á infracción cometida.

Sen prexuízo do anterior, cando se trate de infraccións tipificadas nos artigos 22.3 e 23.1.b), a sanción impoñerase en grao mínimo cando a contía non ingresada, incluíndo recargas e xuros, non supere os 10.000 euros, no seu grao medio cando a dita contía estea comprendida entre 10.001 e 25.000 euros, e no seu grao máximo cando sexa superior aos 25.000 euros.

En todo caso, impoñerase a sanción no seu grao máximo, calquera que sexa a cantidade non ingresada, cando o suxeito responsable cotizase en contía inferior á debida mediante a ocultación ou falsidade das declaracións ou datos que teña obriga de facilitar á Seguridade Social.

Non obstante o previsto no artigo 41 desta lei, no suposto da infracción tipificada no artigo 15.3, a sanción impoñerase no seu grao máximo cando, nos dous anos anteriores á data da comisión da infracción, o suxeito responsable xa fose sancionado en firme por incumprimento da obriga legal de reserva de postos de traballo para persoas con discapacidade ou da aplicación das súas medidas alternativas de carácter excepcional.»

Cinco. A alínea d) do número 4 do artigo 50 queda redactada nos seguintes termos:

«d) O incumprimento do deber de colaboración cos funcionarios do sistema da Inspección de Traballo e Seguridade Social ao non entregar o empresario en soporte informático a información requirida para o control das súas obrigas en materia de réxime económico da Seguridade Social, cando estea obrigado ou acollido á transmisión electrónica de liquidacións de cotas ou de datos de cotización.»

**Artigo 3.** *Modificación do texto refundido das leis 116/1969, do 30 de decembro, e 24/1972, do 21 de xuño, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, aprobado polo Decreto 2864/1974, do 30 de agosto.*

O número 3 do artigo 19 do texto refundido das leis 116/1969, do 30 de decembro, e 24/1972, do 21 de xuño, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, aprobado polo Decreto 2864/1974, do 30 de agosto, queda modificado como segue:

«3. A cotización a este réxime especial efectuarase tomando como base as remuneracións efectivamente percibidas, segundo as normas establecidas no réxime xeral.

Os empresarios incluídos neste réxime especial deberán comunicar en cada período de liquidación o importe de todos os conceptos retributivos aboados aos seus traballadores, nos termos previstos polo artigo 109.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.»

**Disposición adicional primeira.** *Información aos traballadores sobre a cotización á Seguridade Social.*

A aplicación do novo sistema de liquidación directa de cotas establecido nesta lei non limitará o dereito dos traballadores e dos seus representantes legais á información sobre a cotización mensual á Seguridade Social.

**Disposición adicional segunda.** *Estudo relativo ao alcance en relación coas prestacións da modificación de bases de cotización estimadas.*

O Goberno, nun prazo de dous anos, realizará un estudo sobre o alcance que, para as prestacións do sistema da Seguridade Social, poida ter a rectificación das bases de cotización que fosen inicialmente estimadas pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou pola Inspección de Traballo e Seguridade Social nos supostos regulados no artigo 32 da Lei xeral da seguridade social.

**Disposición transitoria única.** *Mantemento do sistema de autoliquidación de cotas.*

O sistema de autoliquidación de cotas seguirá sendo aplicable, nos termos regulados no texto refundido da Lei xeral da seguridade social e nas súas normas de aplicación e desenvolvemento, ata que se produza a incorporación da totalidade dos suxeitos responsables que o utilizan ao novo sistema de liquidación directa, conforme o previsto na disposición derradeira segunda desta lei.

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

**Disposición derradeira primeira.** *Desenvolvemento do sistema de liquidación directa de cotas por parte da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.*

No prazo de tres meses a partir da entrada en vigor desta lei, o Goberno procederá ao desenvolvemento regulamentario da regulación do sistema de liquidación directa de cotas da Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta por parte da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, contida no texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, en virtude da modificación efectuada nel por esta norma legal.

**Disposición derradeira segunda.** *Aplicación do sistema de liquidación directa de cotas por parte da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.*

1. A implantación do sistema de liquidación directa de cotas efectuarase de forma progresiva, en función das posibilidades de xestión e dos medios técnicos dispoñibles en cada momento pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, que ditará para tal efecto as resolucións polas cales se acorde a incorporación ao dito sistema dos suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar.

2. A incorporación ao sistema de liquidación directa de cotas producirase a partir do día primeiro do mes seguinte a aquel en que se notifique a resolución correspondente ao suxeito responsable do seu ingreso.

O novo sistema de liquidación aplicarase con carácter obrigatorio para a determinación e o ingreso das cotas da Seguridade Social e polos conceptos de recadación conxunta a partir do terceiro mes natural seguinte a aquel en que tivese lugar a incorporación a el. Ata ese momento seguirase utilizando o sistema de autoliquidación.

Sen prexuízo do indicado no parágrafo anterior, o suxeito responsable poderá optar por aplicar o sistema de liquidación directa con anterioridade ao terceiro mes natural

seguinte ao da súa incorporación nel. De se exercer tal opción, non se poderá volver utilizar o sistema de autoliquidación de cotas para o seu cálculo e ingreso.

3. As resolucións polas cales se acorde a incorporación ao sistema de liquidación directa de cotas serán postas á disposición dos suxeitos responsables na sede electrónica da Secretaría de Estado da Seguridade Social, mediante notificación electrónica, segundo o procedemento establecido na Orde ESS/485/2013, do 26 de marzo, pola que se regulan as notificacións e comunicacións por medios electrónicos no ámbito da Seguridade Social.

As referidas resolucións serán ditadas polos titulares das secretarías provinciais das direccións provinciais da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e contra elas poderase interpoñer recurso de alzada, ante os titulares da respectiva dirección provincial, na forma e nos prazos previstos nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A interposición do citado recurso non suspenderá a execución do acto impugnado.

**Disposición derradeira terceira.** *Modificación do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.*

O texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, queda modificado como segue:

Un. Dáselle nova redacción á disposición adicional cuadraxésimo sexta, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional cuadraxésimo sexta. *Tramitación electrónica de procedementos en materia de prestacións.*

De acordo co disposto nos artigos 38 e 39 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, poderanse adoptar e notificar resolucións de forma automatizada nos procedementos de xestión tanto da protección por desemprego previstos no título III como das restantes prestacións do sistema da Seguridade Social reguladas nesta lei, excluídas as pensións na súa modalidade non contributiva.

Para tal fin, mediante resolución do director xeral do Instituto Nacional da Seguridade Social ou do Servizo Público de Emprego Estatal, ou do director do Instituto Social da Mariña, segundo proceda, establecerase previamente o procedemento ou procedementos de que se trate e o órgano ou órganos competentes, segundo os casos, para a definición das especificacións, programación, mantemento, supervisión e control de calidade e, de ser o caso, auditoría do sistema de información e do seu código fonte. Así mesmo, indícarase o órgano que se considerará responsable para os efectos de impugnación.»

Dous. Dáselle nova redacción ao número 4 da disposición adicional quincuaxésima, que queda redactado da seguinte forma:

«4. Nos supostos previstos no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, as notificacións que non se puidesen realizar na sede electrónica da Seguridade Social ou no domicilio do interesado, conforme o indicado nos puntos anteriores, practícaranse exclusivamente por medio dun anuncio publicado no «Boletín Oficial del Estado», de acordo coa disposición adicional vixésimo primeira da citada lei.

Fóra dos supostos indicados no parágrafo anterior, os anuncios, acordos, resolucións e comunicacións emitidos pola Administración da Seguridade Social en exercicio das súas competencias, e calquera outra información de interese xeral da dita administración, publicaranse no taboleiro de anuncios da Seguridade Social, situado na súa sede electrónica e xestionado pola Secretaría de Estado da Seguridade Social. Esta publicación terá carácter complementario con relación a aqueles actos en que unha norma exixa a súa publicación por outros medios.

As publicacións no dito taboleiro efectuaranse nos termos que se determinen por orde do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.»

Tres. Dáselle nova redacción ao artigo 66 bis, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 66 bis. *Subministración de información ás entidades xestoras das prestacións económicas da Seguridade Social.*

1. Establécense os seguintes supostos de subministración de información ás entidades xestoras da Seguridade Social:

a) Os organismos competentes dependentes do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas ou, de ser o caso, das comunidades autónomas ou das deputacións forais facilitarán, dentro de cada exercicio anual, ás entidades xestoras da Seguridade Social responsables da xestión das prestacións económicas, e por petición delas, os datos relativos aos niveis de renda e demais ingresos dos titulares de prestacións en canto determinen o dereito a elas, así como dos beneficiarios cónxuxes e doutros membros das unidades familiares, sempre que se deban ter en conta para o recoñecemento, mantemento ou contía das devanditas prestacións co fin de verificar se aqueles cumpren en todo momento as condicións necesarias para a percepción das prestacións e na contía legalmente establecida.

Tamén os mesmos organismos facilitarán, por petición das entidades xestoras da Seguridade Social, un número de conta corrente do interesado para que se proceda, cando se recoñeza a prestación, ao seu aboamento.

b) O organismo que designe o Ministerio de Xustiza facilitaralles ás entidades xestoras da Seguridade Social a información que estas soliciten acerca das inscricións e dos datos que garden relación co nacemento, modificación, conservación ou extinción do dereito ás prestacións económicas da Seguridade Social.

c) Os empresarios facilitaralles ás entidades xestoras da Seguridade Social os datos que estas lles soliciten para poder efectuar as comunicacións a través de sistemas informáticos, electrónicos e/ou telemáticos que garantan un procedemento de comunicación áxil no recoñecemento e control das prestacións da Seguridade Social relativas aos seus traballadores.

Os datos que se faciliten en relación cos traballadores deberán identificar, en todo caso, nome e apelidos, documento nacional de identidade ou número de identificación de estranxeiro e domicilio.

d) O Instituto Nacional de Estatística facilitaralles ás entidades xestoras da Seguridade Social responsables da xestión das prestacións económicas os datos de domicilio relativos ao padrón municipal que poidan gardar relación co nacemento, modificación, conservación ou extinción do dereito ás prestacións en calquera procedemento, así como coa actualización da información existente nas bases de datos do sistema da Seguridade Social.

2. Todos os datos relativos aos solicitantes de prestacións económicas do sistema da Seguridade Social que consten en poder das entidades xestoras e que fosen remitidos por outros organismos públicos ou por empresas mediante transmisión telemática, ou cando aqueles se consoliden nas bases de datos corporativas do sistema da Seguridade Social como consecuencia do acceso informático directo ás bases de datos corporativas doutros organismos ou empresas, producirán plenos efectos e terán a mesma validez que se os notificasen os ditos organismos ou empresas mediante certificación en soporte papel.

3. As subministracións de información ás entidades xestoras da Seguridade Social mencionadas neste artigo non precisarán consentimento previo do interesado.

4. Os datos, informes e antecedentes subministrados conforme o disposto neste artigo unicamente serán tratados no marco das funcións de xestión de prestacións atribuídas ás entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, sen prexuízo do disposto no artigo 66 desta lei.»

**Disposición derradeira cuarta.** *Modificación da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

Dáselle nova redacción ao número catro da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que modificou o número 3.1 da disposición adicional décimo sexta da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, que queda redactado nos seguintes termos:

«Catro. O corpo de intervención e contabilidade da Administración da Seguridade Social: corpo superior de interventores e auditores da Administración da Seguridade Social.»

**Disposición derradeira quinta.** *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», coa excepción da súa disposición derradeira terceira.dous, que o fará o 1 de xuño de 2015.

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 26 de decembro de 2014.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY